



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

MEMORIA XUSTIFICATIVA ORDENANZA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA CONCELLO DE SADA

A entrada en vigor da Lei 39/2015 supuxo un novo impulso para a implantación da Administración Electrónica, xa que estableceu a tramitación electrónica do procedemento administrativo, sen excepcións.

A dita lei complementábase coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e ambas consagran o dereito das persoas a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, simplificando o acceso aos mesmos, e reforzando o emprego das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nas administracións públicas, tanto para mellorar a eficiencia da súa xestión como para potenciar e favorecer as relacións de colaboración e cooperación entre elas.

O Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, desenrola e concreta as previsións legais coa finalidade, entre outros aspectos, de facilitar aos axentes involucrados no uso de medios tecnolóxicos, a súa utilización efectiva, aclarando e precisando, ao mesmo tempo, aquelas materias reguladas nestas leis que permiten unha marxe de actuación regulamentaria.

A presente Ordenanza, que derrogará a existente (publicada no BOP número 18, do 26 de xaneiro de 2012), ten por obxecto regular as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre as Administracións Públicas, así como nas relacións da cidadanía coas mesmas coa finalidade de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

Esta Ordenanza regula a utilización dos medios electrónicos, no ámbito da Administración Municipal de Sada, para facer posible a consecución máis eficaz dos principios de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía, que se derivan do artigo 103 da Constitución e da lexislación xeral administrativa

Conforme ao establecido no art. 33.1 LPACAP:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Esta ordenanza dítase en desenvolvemento das previsións da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a necesidade de regular os seguintes puntos:

- a. Establecer os dereitos e os deberes que deben rexer as relacións por medios electrónicos dos cidadáns coa Administración municipal.
- b. Fixar os principios xerais para o impulso e o desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito da Administración municipal.
- c. Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

- d. As características e o funcionamento do Rexistro Electrónico de documentos.
- e. A tramitación dos procedementos administrativos por medios electrónicos.
- f. Os modos de acreditación da vontade dos interesados en tales procedementos e os medios de notificación e comunicación telemática

B) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Na contorna actual, tal e como sinala a Lei 39/2015, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos, senón que debe constituír a actuación habitual das Administracións. Para que o reto dunha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico se alcance de maneira áxil e eficaz, é necesario ordenar, completar e adaptar a regulación básica á organización municipal. Sen prexuízo de que os medios que este Concello ten as obrigas derivadas da Administración electrónica xa están vixentes e, por tanto, non caben atrasos na súa implantación. De aí que sexa necesaria a aprobación dunha normativa municipal e unha oportunidade para servir mellor aos principios de eficacia e eficiencia, aforrar custos a cidadáns e empresas e reforzar as garantías dos interesados tal e como sinala a Lei 39/2015.

C) Os obxectivos da norma:

Esta ordenanza ten como fin principal facer efectivo o dereito dos cidadáns a relacionarse coa Administración por medios electrónicos que establece o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e lograr unha maior eficacia no funcionamento da Administración, así como facer efectivos os principios de transparencia, proximidade e servizo aos cidadáns, que se derivan do artigo 103 da Constitución, da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

D) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

O Concello de Sada podería optar por:

- a) Non regular a materia de forma específica e aterse ao cumprimento da lexislación estatal que lle afecta, véxase Lei 39 e 40/2015 do Procedemento Administrativo e Réxime Xurídico e Lei 19/2013 de Transparencia e Bo Goberno fundamentalmente.
- b) Aprobar unha ordenanza que se adapte á lexislación estatal en vigor coa suficiente flexibilidade.

Óptase pola segunda opción para unificar a normativa de desenrolo na Provincia da Coruña e actuar en coordinación coa asistencia a municipios que en materia de administración electrónica ofrece o dito ente aos concellos e para concretar o establecido na lei de forma xenérica para unha serie de colectivos.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, na data de sinatura dixital.